

A FORMACIÓN INICIAL E A PROFESIONALIZACIÓN DOS MESTRES E MESTRAS: UNHA APROXIMACIÓN HISTÓRICA CON REFERENCIAS A GALICIA

Ángel Serafín Porto Ucha*
Universidade de Santiago de Compostela

*A Marifé Vázquez Armada,
compañeira do Dpto.
e profesora da antiga
Escola Normal de Lugo*

RESUMO

O tema do presente artigo forma parte dunha das miñas liñas de investigación, iniciada hai xa algúns anos en torno ás Escolas Normais, sobre as que levo presentado comunicacións a congresos, con publicacións varias.

Utilizando basicamente material de arquivo e literatura pedagóxica e lexislativa da época, nunha panorámica de conxunto neste número de *Innovación Educativa* dedicado á Normal de Lugo, presto atención á implantación das Escolas Normais en Galicia e a evolución histórica dos programas formativos, a través dos sucesivos planos de estudos.

Palabras clave: Liberalismo, Burguesía, Escolas Normais, Formación do Profesorado, Maxisterio Gallego.

ABSTRACT

The present paper develops one of my research areas on Schools of Education that was initiated a few years ago and constitutes a topic area in a great number of publications and congress papers I have produced recently.

The data for this study come from existing institutional records as well as pedagogical and legislative writings. My contribution to this issue of *Innovación Educativa*, dedicated of the School of Education in Lugo, is an overview on the implementation of Schools of Education in Galicia under a historical perspective on the development of their training programmes. I have had into account the successive teaching plans they have offered, with a special focus on the history of the School of Education in Galicia.

Key words: Liberalism, Middle classes, Schools of Education, Training of Primary Teachers, Galician teaching profession.

1. A aparición das Escolas Normais en España

Gracias á iniciativa do ministro galego José Moscoso de Altamira e á influencia de homes como Pablo Montesino (Cossío, 1897, pp. 20 e ss.) en 1834, coa volta do partido liberal ó poder, iniciábase en España unha época de reformas e progresos na ensinanza. Unha Comisión, da que

* Dpto. de Didáctica e Organización Escolar

Montesino formaba parte, propuxo unha *Instrucción para el régimen y gobierno de las escuelas de primeras letras del Reino*, onde se proxectaba por primeira vez a fundación dunha Escola Normal, Seminario de Mestres, en España. Algúns autores como Gil de Zárate ven nas ordes relixiosas dedicada á ensinanza o inicio da formación específica dos mestres. Segundo nos ilustra Mariano Carderera (1886), parece que a idea dos Seminarios para mestres se debe ós Xesuítas, dende a segunda Congregación Xeral de 1565. En Alemaña, habería que remontarse ó século XVII para achar referencias ós Seminarios destinados á formación do profesorado. En 1732, o rei de Prusia, Federico Guillermo I, fundaba un Seminario destinado a este fin; o número foi aumentando e extendéndose a outros lugares de Europa. O termo “normal” figuraba nun Decreto de Napoleón, de 1808, que ordenaba que se crearan cerca de cada academia, e no interior de colexios e liceos, unha ou varias clases normais destinadas a formar mestres para as escolas primarias. Sen embargo, no fragor da Revolución Francesa, xa anteriormente, por un Decreto da Convención Nacional de 1794, á proposta de Lakanal, xurdía a primeira institución do mundo denominada “escola normal”, aínda que durou pouco tempo.

No noso país, podemos citar antecedentes na Irmandade de San Casiano, xurdida en 1642, durante o reinado de Felipe V, substituída en 1787, con Carlos III, polo Colexio Académico da Nobre Arte de Primeiras Letras e, máis tarde, pola Academia de Educación. Ademais doutras iniciativas rexistradas, tales como a creación de escolas pestalozzianas en 1802, con Carlos IV, habería que furgar tamén no reinado de José Bonaparte en España para encontrar algún antecedente.

Anque de escasa vixencia, o 4 de agosto de 1836, aprobábase por decreto un Plano de estudos para tódolos niveis de ensinanza (o chamado “Plan Duque de Rivas”, polo seu ponente). Sinalábase no art. 13 que “habrá na capital do reino unha Escola Nacional central de instrucción primaria, destinada principalmente a formar mestres para as escolas normais subalternas e pobos da provincia de Madrid, quedando refundida neste establecemento a Escola Normal de ensinanza mutua, instituída por Real orde de 8 de setembro de 1834” (MEC, 1979, pp. 120-121). No art. 14, referíase ó papel das Deputacións na extensión e sostemento das normais de mestres ó resto do país, ben cada provincia por separado, ou entre varias provincias.

En maio de 1837 aprobábase así mesmo e enviábase ós Xefes Políticos o Regulamento interino da Escola Normal Central. Inaugurada en 1839, foi Pablo Montesino e seu primeiro director. Os obxectivos da Escola eran “formar mestres instruídos e capaces de dirixi-las Escolas Normais de provincias e as Escolas superiores e elementais de instrucción primaria en todo o Reino”. Pola súa banda, a potenciación das Escolas Normais de fóra da capital partiu da denominada *Ley autorizando al Gobierno para plantear provisionalmente el Plan de Instrucción Primaria de 21 de julio de 1838*, da Raíña Isabel II ó Marqués de Someruelos, onde se sinalaba no art. 11 que “cada provincia sosteirá por si soa, ou reunida a outra ou outras inmediatas, unha escola normal de ensinanza primaria para a correspondente provisión de mestres”. Logo, o Regulamento das Escolas Normais, publicado en 1843, contribuía a accelera-la fundación das Normais no noso país.

A creación das Escolas Normais en España, dirixidas á formación dos mestres, veu determinada por varios factores. N. de Gabriel (1993, pp. 138-139) recolle a aportación de distintos autores: a resposta ás demandas de formación do profesorado xeradas polo sistema nacional de educación que se estaba implantando; a difusión de determinadas metodoloxías didácticas, tales como os métodos de Pestalozzi, Lancaster e Bell ou mesmo de José Mariano Vallejo; a existencia

dun *corpus* de coñecemento educativo relativamente sistematizado que necesitaba dunha institución para difundilo.

Arredor de 1845, xa existían Escolas Normais en case tódalas provincias. Nos últimos anos da década dos corenta, ó igual que noutros países como Alemaña ou Francia, os mestres e, por extensión, as Escolas Normais foron obxecto dunha vixilancia especial. A presenza das Normais era contemplada con certas reticencias en sectores da sociedade. En 1847, un Real Decreto do 23 de setembro, anque introducía algunhas melloras, recomendaba xa a redución do seu número. Productivo desta situación, aparece o Real Decreto de 30 de marzo de 1849, reducindo a 32 as corenta e dúas Normais existentes, quedando ubicadas nas seguintes provincias: A Normal Central, en Madrid; nove superiores ó fronte de cada Distrito Universitario (Barcelona, Granada, Oviedo, Salamanca, Santiago de Compostela, Sevilla, Valencia, Valladolid e Zaragoza), e vinte elementais en Alacante, Barcelona, Burgos, Cáceres, Cidade Real, Córdoba, Conca, Xirona, Guadalaxara, Osca, Xaén, León, Lérida, Logroño, Lugo, Murcia, Ourense, Navarra, Santander, Soria, e dúas desa mesma clase en Canarias (Gil de Zárate, 1885, t. I, p. 276).

É significativo resalta-lo dato de que mentres a primeira Escola Normal Central de Mestres se inauguraba en 1839, habería que esperar case 20 anos ata a aparición da súa homónima feminina. A posición dos liberais daquel momento queda patente na súa actitude respecto á educación da muller. Comentando o “Plan Duque de Rivas”, Ruiz Berrio destaca o feito de que “sobre educación da muller (...) é vergoñento, toda vez que se vén a dicir que se faga o que se poida, e que máis adiante xa se aprobará un decreto especial que regule sesgadamente a ensinanza destas persoas” (Ruiz Berrio, 1988, p. 140). No Plano “Somereuelos” de 1838 apréciase a mesma vacilación (art. 35). E incluso na Lei Moyano, como veremos máis adiante, sinálase que o Goberno “procurará” establecer escolas normais para mulleres (art. 114). Pero, para máis agravio, a existencia destes centros desenvolveuse dende os seus comezos no medio de múltiples dificultades, con locais en malas condicións, falta de material e cunha clara dependencia das correspondentes de Mestres.

O 13 de abril de 1858 abría as súas portas en Madrid a Escola Normal de Mestras, baixo os auspicios de dona Ramona Aparicio (Capel Martínez, 1986a, 1986b). Hai que dicir, sen embargo, que dende finais da década dos corenta víñanse instalando Escolas Normais femininas. Ferrer y Rivero, na súa reseña histórica (Ferrer y Rivero, 1891, p. 113), di que ó publicarse a Lei de 1857, existían xa as Escolas Normais de Mestras de Pamplona, Logroño e Badaxoz, que coas de Cádiz, Guadalaxara e Murcia, que se fundaron naquel ano, iniciaron e favoreceron o desenvolvemento desta institución. Sinala Manuel de Guzmán (1986, p. 96) que, a partir da Lei Moyano, gracias á iniciativa particular dalgúñas provincias foron xurdindo, subvencionados algúns por xuntas ou entidades relixiosas ou filantrópicas de protección da muller, e sostidos todos polas respectivas deputacións provincianas, estes centros. Deste modo, fóronse creando Escolas Normais femininas en distintas capitais de provincia.

Un episodio pouco afortunado para a historia das Normais de Mestres e Mestras no noso país ocorreu xusto nos derradeiros momentos do reinado de Isabel II. A Lei do 2 de xuño de 1868, de Severo Catalina, suprimía as Normais na súa totalidade, ordenando que os estudos teóricos se fixesen nos establecementos de segunda ensinanza. Co cambio de réxime e coa implantación do Goberno revolucionario, o Decreto-Lei do 14 de outubro do mesmo ano restablecía inmediatamente a Lei Moyano.

2. O nacemento das Escolas Normais en Galicia

Un estudio de conxunto, global e amplo, sobre a historia das Escolas Normais en Galicia é inda hoxe materia pendente. Hai xa algúns anos, Dolores Losada aportou algúns datos na súa Tese de Doutoramento (1983). Un traballo posterior da autora relacionado co tema necesitaba profundizar máis no contacto directo coa documentación de arquivo (Losada Álvarez, 1984, pp. 467-478). Na actualidade, levamos avanzado bastante. Cunha certa amplitude temporal e utilizando como fonte primaria os fondos documentais da propia Escola Normal, foi historiada por nós a institución pontevedresa (Porto Ucha, 1994). En colaboración con Aurora Marco, investigamos sobre a Escola Normal Superior de Santiago de Compostela (Marco López e Porto Ucha, 2000). De aí estas notas introductorias de conxunto, con referencia, cando contamos con información suficiente, ós primeiros locais.

Anque o tema de edificio podería parecer de non moita importancia, trátase dunha preocupación que se herda no tempo. Unha análise da literatura sobre a implantación das Escolas Normais permite recoñece-la problemática común. Os epígrafes cos que se inicia o tema das instalacións en distintos traballos consultados son suxerentes ó respecto: “a falta dun local adecuado”, “a loita por un edificio”, etc. (Ballarín Domingo, 1987, p. 83; Moreno Medina, 1988, p. 65). Sáez Fernández di que en máis de cento trinta anos, o tema do edificio ou local foi o de maior volume de preocupacións constantes para o seu centro (Sáez Fernández, 1986, p. 54). Vega Gil observa que a maioría das Escolas Normais en Castela e León se instalou e funcionou en edificios de procedencia eclesiástica, adquiridos polo Estado ou alugados, a maior parte deles a través de proceso desamortizador (Vega Gil, 1988, p. 138). Esta precariedade nas condicións materiais nas que se levou a cabo os inicios da formación normalista, constatámola igualmente en Galicia.

2.1. A Escola Normal de A Coruña

Manuel de Guzmán sitúa a inauguración da Normal de mestres da Coruña en 1845, engadindo que en 1849 é trasladada a Santiago. É máis; na súa relación de Escolas Normais co correspondente profesorado, baseándose no *Anuario Histórico-Estadístico-Administrativo de Instrucción Pública* de 1874¹, pon na relación alfabética Santiago e non A Coruña. Isto pode explicar algunhas confusións verificadas por nós, xa que o mesmo Ferrer y Rivero sinala como data de creación da Normal de Santiago 1845 (que corresponde á da Coruña). Outras confusións xorden tamén ó tomar como referencia de creación das Normais o segundo período, coa Lei Moyano, xa que, dende 1849, reducírase o seu número, e houbo que volver a crear bastantes centros. É frecuente, pois, -e non

¹ O autor baséase no *Anuario Histórico-Estadístico-Administrativo de Instrucción Pública*, Madrid, Imprenta Nacional, 1874, e sinala que poden verse referencias sobre plantillas e profesorado en Fermín Ladrón de Cegama, *Anuario de Primera enseñanza*, Madrid, Imprenta y Fundición Manuel Tello, 1887. Pola nosa banda, demos casualmente na Biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago (Campus Norte, material sen catalogar procedente dos antigos fondos da Escola Normal) un exemplar do *Almanaque del Maestro para 1885* (Madrid, Imp. y Fundición de Manuel Tello, 1885), do citado Fermín Ladrón de Cegama, onde figuran os nomes dos directores e directoras das distintas Escolas Normais, entre elas, as galegas.

inexacto- citar como momento de creación da Normal herculina unha data posterior a 1857 (De Guzmán, 1986, pp. 274 e ss.)².

Datos máis concretos sobre a creación e profesorado nos inicios da Normal da Coruña ofrécenolos Antón Costa Rico (1999, pp. 11-33). Os primeiros candidatos seleccionados para realiza-los seus estudos normalistas na Escola Normal Central foron Antonio de la Iglesia e Francisco Sobrino, ámbolos dous naturais e veciños da cidade de Santiago. Finalizaron os estudos en decembro de 1843. O 10 de xuño de 1845 a Comisión Provincial de Instrucción Pública notificaba a composición do claustro de profesores: Antonio de la Iglesia (director), Francisco Sobrino (segundo mestre), Isidoro Gómez (rexente da escola práctica) e Francisco Rey (presbítero, profesor de ensinanza moral e relixiosa). A Escola Normal abría as súas portas o 2 de xullo de 1845, nun acto no que o mesmo De la Iglesia pronunciaba un discurso, que Costa Rico inclúe nos anexos. En 1849 suprimíase este centro, ata despois da Lei Moyano.

O tema da evolución histórica da Escola Normal da Coruña como obxecto de estudio leva ocupado tamén a atención de José Luis Iglesias Salvado dende hai varios anos. O Centro estivo ubicado nos baixos do Concello durante a Segunda República. Despois da Guerra Civil pasou a rúa Herrerías. En 1955 inaugurouse o edificio actual no Paseo de Ronda, acondicionado en principio soamente para Normal feminina³.




Fig. I. Escola Normal de Mestras de A Coruña

² Por exemplo, Xosé Ramón Barreiro Fernández, en *Historia Contemporánea de Galicia III*, A Coruña, Gamma, 1983, p. 82, sinala como data de creación da Normal da Coruña 1865.

³ Agradecemoslle a José Luis Iglesias Salvado a información aportada.

Segundo manifesta Manuel de Guzmán, a normal feminina da Coruña creouse en 1860. Iglesias Salvado e Cotelo Guerra concretan a creación en 1865 (Iglesias Salvado e Cotelo Guerra, 2001, pp. 415-424). Pola nosa banda, temos apuntado como posible primeira directora a María Domenech, que o fora anteriormente da de Pontevedra (Porto Ucha, 2002, pp. 17-46). No citado *Almanaque* de Ladrón de Cegama, figura como directora en 1885 Joaquina Otaño y Hermida.

2.2. A Escola Normal de Lugo

Para os inicios da Escola Normal de Lugo, partimos, fundamentalmente, dos traballos de Prado Gómez (1994, pp. 19-53; 1990, pp. 83-99). O 16 de maio de 1837, a Deputación de Lugo recibía a comunicación sobre o encargo de nomear los alumnos que deberían pasar algúns anos na Escola Normal de Instrucción Primaria de Madrid. Actuando con moita rapidez, foron seleccionados os primeiros candidatos: Francisco de Castro y Gómez e José Ramón Cancio, veciños da capital. Ó renunciar estes, logo de desestimarse a aceptación de José M^a Rodríguez Trelles e da renuncia de Manuel Somoza, foron finalmente elixidos Francisco de la Peña e Cayetano Hermógenes Palacios. O primeiro sería expulsado da Escola Normal de Madrid, sendo substituído por Tomás Luciano Carreira. De Cayetano Hermógenes Palacios arranca a posta en marcha do centro lucense. No *Boletín Oficial de Instrucción Pública* lemos:

“Habilitado debidamente el local destinado para la Escuela, y provista esta de los enseres necesarios para la instrucción según el plan adoptado en la Central de la Corte, se fijó el día 30 de octubre [1842] as las once de la mañana para su apertura” (BOIP, t. V, 1843, p. 17.)

Ademais do ex-convento de A Nova, baralláronse as posibilidades de instalación no ex-convento de Santo Domingo ou ben emprender unha obra de nova factura. Parece ser que ó final optouse polo aluguer en A Nova. O 30 de outubro de 1842 tiña lugar a solemne inauguración, se ben Cayetano Hermógenes Palacios, nomeado director, tivo que enfrontarse con tempos moi difíciles, ata o definitivo asentado en 1849 no ex-convento de Santo Domingo. Nas nosas pesquisas sobre os inicios da Normal compostelá, tropeizamos cun amplo comunicado do Rector ó Director Xeral de Instrucción Pública, do 20 de xaneiro de 1850, onde lle di que “o local que se destinou para a de Lugo ofrece pouquísima comodidade porque ademais de estar situado ó N. nunha rúa estreita e case sempre obstruída por carros e bestas e colocada encima duns almacéns de sal, carece de cuartos (...)”⁴.

Era frecuente naquel tempo que os poucos profesores de escolas normais, especialmente os que ocupaban cargos directivos, se trasladasen a distintos centros nun espacio de tempo curto. Así, despois do seu paso por Ourense, Pontevedra e Osca, a *Revista de Escuelas Normales* dános conta do traslado de Manuel Anta á Normal de Lugo en 1855 (Revista de Escuelas Normales, vol. 5, 1927, pp. 1012-103). Nun oficio do 25 de maio de 1857, corfirmámolo como director da Normal lucense por estas datas⁵. Manuel de Guzmán sitúa a Manuel Nieto como director do Centro no citado

⁴ ARQUIVO HISTÓRICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO (en adiante, A.H.U.S.), Sección Libros de Arquivo, A-352, Esc. Normal, 3^o Copiador de Oficios (1849-52), fols. 28v-30v.

⁵ A.H.U.S., Sección Libros de Arquivo, A-353, 1^o Copiador de Oficios (1852-1858), Oficio do 25-5-1857.



Fig. II. Corredor da Escola Normal de Mestras de Lugo.

Anuario de 1874 (1986, pp. 279). No *Almanaque* de Ladrón de Cegama consta como director (normal elemental) en 1885 Tomás Nieto Imaz.

Respecto á Normal de Mestras, Ferrer y Rivero sinalaba en 1891 que "ata hoxe faltan soamente nas provincias de Albacete, Almería, Burgos, Canarias, Castellón, Conca, Xirona, Guipúscoa, Huelva, Xaén, León, Lugo, Palencia, Santander e Biscaia" (1891, pp. 113-114).

O actual edificio, inaugurado en 1956, está situado na Avenida de Ramón Ferreiro, esquina á rúa Pintor Corredoira, xunto co Colexio Público de Prácticas.

2.3. A Escola Normal de Ourense

Á parte da referida Normal de Lugo, creada en 1842, Gil de Zárate (1885, p. 272) sinala que en 1845 existían Normais en 41 provincias das 49 da Monarquía, que coa Normal Central en Madrid contabilizaban 42 (entre elas, en Galicia, as da Coruña, Ourense e Pontevedra). Debemos pensar, non obstante, que as Normais de Lugo e Ourense, creadas polas mesmas datas, son anteriores ás de Coruña e Pontevedra. Unha Orde datada en Madrid o 19 de decembro de 1841, manifestábase así:

“S.A. el Regente [tratábase do xeneral Espartero, Duque de la Victoria] del reino se ha enterado con agrado de haberse abierto en esa capital la escuela normal como V.S. expresa en su comunicación de 5 del corriente (...) = Sr. Gefe Político de Orense”⁶.

No citado *Anuario*, Manuel de Guzmán menciona a Manuel Anta como Director da normal masculina, e como profesores a José Domínguez, Manuel Cortés e Ramón Abellás. Pola nosa parte, contamos cun escrito datado en Madrid o 24 de agosto de 1847, onde a Raíña promove á praza de primeiro Mestre Director da Normal de Pontevedra a Manuel Anta, “que desempeñaba igual cargo na de Ourense”⁷. Ladrón de Cegama confirma a Manuel Anta como director da Normal elemental en 1885.

Tampouco o problema da ubicación lle foi alleo á institución ourensá. No citado comunicado do 20 de xaneiro de 1850, referido á Normal de Lugo, engádesse tamén que o director do Instituto de Ourense queixábase de que “aunque o Gobierno concedeu para local da Escola o ex-convento de Sto. Domingo, nin se aprobaron presupostos nin se fixo traballo algún”⁸.

Respecto á creación da normal feminina, o citado *Anuario* de Ladrón de Cegama, ofrece a data de 1877. Figura como directora, Nicanora Díaz Carredano, e como profesores Cándido del Río y Barrio, Eladio Francisco Sánchez e Luis Parente Alberte, interinos.



Fig. III. Escola Normal de Mestres de Ourense

⁶ *BOIP*, t. II, 1841, p. 418.

⁷ ARQUIVO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, Sección *Instrucción Pública*, Mazo 107.

⁸ A.H.U.S., Sección Libros de Arquivo, A-352, fols. 28v-30v.

Despois dos sucesos de 1936, vencellado á dirección da Normal de Mestres de Ourense dásenos a figura de Vicente Risco. O edificio no que se asentou durante moito tempo a Escola de Maxisterio foi inaugurado en 1957, e respondía ós propósitos da separación de sexos das antigas Escolas Normais. Trátase dun edificio antigo que nos últimos anos sufriu diversas adaptacións para adecualo ás esixencias da vida universitaria.

2.4. A Escola Normal de Pontevedra

A cargo dos correspondentes presupostos provinciais, o primeiro internado por Pontevedra foi Juan Antonio Rodríguez Ocampo, cunha estancia en Madrid moi curta, ó solicitarse a súa substitución por problemas de saúde en decembro de 1839. Ó renunciar este alumno, en principio solicitaron a praza Robustiano Pérez de Santiago, mestre de Baiona, Joaquín Avendaño, de Vigo, Manuel M^a Rosende, de San Martiño de Laxe (Moraña) e Juan Antonio Gastaldi, de Sobrada (Tomiño). Finalmente, mediante concurso, resultaron seleccionados Cándido Muñoz e Castor Araújo y Alcalde. Do segundo, arranca a creación da Escola Normal de Pontevedra (Porto Ucha, 1994, pp. 33 e ss.). Castor Araújo finalizou os estudos de mestre normal en abril de 1842 e, de volta a Pontevedra, solicitou do Xefe Político da provincia o establecemento dunha Escola Normal. Co visto e prace dunha Comisión nomeada ó efecto, a primeira Escola Normal de Pontevedra instalouse no antigo Colexio da Compañía de Xesús. A inauguración oficial tivo lugar o 1 de setembro de 1845, cun discurso de Ventura Díaz, Xefe Político da provincia (Díaz, 1845). En 1847, Manuel Anta substitúe na dirección do Centro a Araújo y Alcalde. Nesta primeira etapa (1845-49), o Centro mantívose con moi poucos alumnos, cunha media de 6 en primeiro ano, por cada curso académico.

A chegada da Lei Moyano, volveu ordena-la creación. Severiano González Regueral, director da xa Escola Normal Superior de Mestres de Pontevedra, no discurso inaugural do curso 1860-61 (González Regueral, 1860) sinala a Real Orde do 29 de novembro de 1858. Esta data é a que figura normalmente en distintos tratados sobre ensinanza como creación da Normal de Pontevedra, aunque non debemos perder de vista o período anterior. Durante o século XIX, foron directores da Normal masculina Severiano González Regueral (1858-1889), Salvador de Juan Ponsoda (1890-92), Victoriano Encinas (1892-96), José Durán (1896-99) e Joaquín Romero (1899-1910).

A radicación da Normal de Mestres preséntase como un pequeno crebacabezas no tempo. Despois de distintos alugueres, entre eles a Casa do Barón de Goda, a de D. Román de Mugartegui na rúa da Pedreira, outra nun edificio de rúa Riestra ou tamén no edificio construído polo Concello para Grupo Escolar (durante anos, Caixa de Recrutadas, nas Palmeiras), dende 1930 ata 1964 permaneceu no seu local propio, actualmente edificio da Delegación de Educación, en Montero Ríos.

A creación da Normal feminina concreouse en 1860. Ó comezo, estivo situada nos mesmos locais da de Mestres. Despois, ata 1881, parece ser que permaneceu nunha propiedade dos Baeza. Un acordo con Alejandro Mon, dono dunha casa na rúa Sarmiento, deulle destino ata 1930. Nesta data, xunto coa Normal masculina, pasaron ó edificio contiguo á Deputación. A partir de 1964, ámbalas Normais ocuparon o edificio actual, na beira do Lérez, na avenida de Bos Aires. Unha carpeta coa que topamos, sitúanos a María Domenech y Domenech como directora interina para o curso 1863-64⁹. As primeiras actas (curso 1867-68) dannos noticias da presenza das profesoras

⁹ A.H.U.S., "Pontevedra. Escuela de Maestras. Antecedentes de la misma", Fondo Xeral/EXB, Caixa 3220.




Fig. IV. Edificio da Escola Normal de Mestres de Pontevedra, no Grupo Escolar

Avelina Pérez Vázquez (asina tamén como Avelina Pérez de Font) e Josefa Sáiz, Directora e Rexente, respectivamente (Porto Ucha, 1990, pp. 493-505). Nunha clara dependencia inicial das normais femininas respecto ás homónimas masculinas, foron tamén directores da normal de mestras Federico Sáiz e o mesmo Severiano Regueral. Adoita así entenderse daquela as normais de mestras coma unha especie de “sucursais” ou “filiais” das de mestres, o que imposibilitaba tanto a renovación como o acceso de profesorado feminino novo, co conseguinte avellentamento das profesoras normalistas. Valla como exemplo que, con anterioridade ó século XX, desempeñaron o cargo de Secretario da Normal de Mestras en Pontevedra os sucesivos Secretarios da homónima masculina José Benito Juncal (1867-68), Federico Sáiz (1868-80), Victoriano Encinas (1880-86), Cándido Corvacho (1886-93), José Durán (1893-96), Cándido Corvacho (1896-99) e Luis Pérez Allú (1899-1901).

2.5. A Escola Normal de Santiago

Segundo o citado Real Decreto de 30 de marzo de 1849, reorganizábanse as Escolas Normais, ó tempo que se reducía o seu número considerablemente. En Galicia, desaparecían as Escolas Normais da Coruña e Pontevedra e mantiñanse como elementais as de Lugo e Ourense. Pola nova regulamentación, establecíanse Escolas Normais Superiores nas capitais dos Distritos Universitarios. Nacía, así, a Escola Normal Superior da entón Universidade Literaria de Santiago de Compostela.

O art. 10 do Regulamento de 15 de maio de 1849 indicaba que se procurase colocar as Escolas Normais en edificios propios do Estado, facendo neles as obras necesarias para a súa completa habilitación. En Santiago, tivéronse en conta en principio dous antigos colexios: o de San Xerome e o de Fonseca; ó final, optouse polo primeiro.

Así, pois, a solución adoptada na cidade do Apóstolo podémola considerar de privilexio dende a perspectiva da situación do edificio. Temos que dicir, sen embargo, que o entón Rector, D. Juan José Viñas, con data 15 de xuño de 1849 dirixíalle unha comunicación ó Xefe Político da Coruña, onde lle dicía que o mérito arquitectónico do edificio era escaso, o non correspondía ó dos outros tres grandes edificios da praza (a da Constitución, hoxe Praza do Obradoiro)¹⁰. Tamén é verdade que houbo que facer notables arranxos, e que o valor arquitectónico actual incrementouse co traslado do importante pórtico que hoxe atesoura.

Outro problema a resolver foi o da busca dun terreo para a ensinanza da agricultura, aspecto innovador no Programa de estudos das Escolas Normais de 1849. Este outro crebacabezas quedaría resolto co arrendo por parte da Universidade da denominada “Horta de S. Martiño e Bosque de San Francisco”, dos que se outorga escritura na persoa de D. Lorenzo de Brindis Villegas, apoderado das súas irmás, dona Carlota e dona Prácida.




Fig. V. Aula da Escola Normal Superior de Mestres de Santiago

¹⁰ Para o estudo das orixes da Escola Normal de Santiago contamos cunha rica documentación no citado Arquivo Histórico Universitario de Santiago, especialmente na Sección Libros de Arquivo. A citada comunicación corresponde ó libro A-352, Esc. Normal, 3º Copiador de Oficios (1849-52), fols. 1-3. Hoxe, está tamén ó servizo dos investigadores a documentación procedente da antiga Escola Normal.

A Normal abría as súas portas no curso 1849-50. Figuraba como Director e 1º mestre Antonio de la Iglesia, anterior director da Normal da Coruña, a quen substituíu pouco despois Francisco Sobrino, ó accede-lo anterior á Inspección. Como 2º mestre, Juan Codina (anterior director da Normal de Pontevedra); como 3º mestre e profesor de Agricultura, Pedro Fernández; de Relixión e Moral, Pedro Bartolomé Casal; rexente da escola práctica, Andrés Jacinto Suárez, e auxiliar, Francisco M^a de la Iglesia. Á parte, os empregados da casa, dado que se trataba dun internado: conserxe-porteiro, cocifeiro, mozo de cocina e mozo-asistente. En Ladrón de Cegama, na publicación de 1885, sinala textualmente como director en “Coruña (superior en Santiago), D. Gregorio (sic.) Hueso” (Ladrón de Cegama, 1885, p. 24). Tratábase de Gorgonio Hueso Sánchez (1875-1897), ó que sucederon Luis López Elizagaray (1897-1901), Vicente Fraiz Andón (1901-1903), Casto Blanco Cabeza (1903-1905) e, ata 1917, Vicente Fraiz Andón.

Durán Villa aporta datos de moito interese sobre a evolución posterior do centro (Durán Villa, 1990, pp. 33-34), con referencias específicas á instalación da Normal de mestras. Cita o art. 4 de R.D. de 2 de setembro de 1914, onde se di que “na capital de cada Distrito Universitario existirá unha Escola Normal de Mestras e outra de Mestras, excepto no de Santiago, no que a de Mestras continuará establecida na Coruña”. O autor fai así mesmo mención á modificación da situación anterior, a partir do curso 1920-21, ó abrirse por primeira vez unha convocatoria de matrícula libre para mulleres, que lles permitía realiza-lo exame no centro santiagués; á implantación da coeducación, con carácter provisorio, ó amparo da R.O. de 22 de xullo de 1922, e á entrada en funcionamento da Escola Normal de Mestras, en virtude do R.D. de 6 de decembro de 1930, entre outras disposicións e cuestións referidas a tribunais, materias e profesorado numerario feminino, que están na base da creación da Normal de Mestras da capital galega. A primeira directora foi Matilde Díaz Saiz.

A Normal santiaguesa continuou no seu local orixinal ata a década de 1970. Nos derradeiros anos, ademais de San Xerome, tivo aulas no edificio de F.P. de San Clemente. Logo instalouse un tempo moi breve no Burgo. Nos últimos 20 anos de existencia como centro, veu ocupando o edificio na avenida Xoán XXIII, no actual Campus Norte da Facultade de Ciencias da Educación. Polo Decreto 384/1996, de 17 de outubro (DOG, do 5 de novembro) suprimíuse a Escola Universitaria de F.P.EXB no Campus de Santiago, quedando integrada na estrutura propia de nova Facultade de Ciencias da Educación.

2.6. As Escolas de Maxisterio da Igrexa

No contexto do denominado nacional-catolicismo (a partir de 1945), hai que ter en conta o nacemento das Escolas de Maxisterio da Igrexa. A elas pensamos dedicarlle un futuro traballo. En Galicia, temos referencias das seguintes: “María Sedes Sapientiae” (Vigo), “Nuestra Señora de los Remedios” (Santiago de Compostela), “Sagrado Corazón de Jesús” (Ferrol), “Jesús Maestro” (Ourense) e outra en Tui, dos Maristas.

A Escola de Maxisterio de Vigo, instalada nas aulas do Seminario Diocesano dende o curso 1974-75 -coa transferencia á Diocese de Tui-Vigo- tivo como primeiro Centro na cidade olívica o das “Hijas de Jesús”, que en 1956 chegaban a Vigo para abri-la “Escuela de Magisterio de la Iglesia”, que empezaría a funcionar no edificio do primitivo chalet “Miralba”, en Gran Vía, 164, co nome de “María Sedes Sapientiae”.

En “40 años de Miralba” evócanse aquelas datas: “A pesares de sela das xesuitinas unha Escola de Maxisterio moi prestixiosa en toda Galicia, en Santiago non nos chegaba para manernos, así que decidimos irnos a Vigo (Miralba, Anuario 1996-97). Na capital compostelá contábase, pois tamén, cunha Escola de Maxisterio da Igrexa, ubicada na rúa das Orfas, e que se prolongou ata os anos da LXE.

3. Evolución histórica dos programas formativos: Os Planos de Estudos

3.1. Os Planos de Estudos no século XIX

• O Plano de Estudos de 1843

O establecemento das Escolas Normais supuxo un cambio importante na formación dos mestres. Durante o período que vai dende 1843 ata a chegada da Lei Moyano, o plano de estudos que serviu de base foi o decretado en 1843 por Fermín Caballero. Pero o espírito deste texto continuou ata ben entrado o século XX. Unha Orde do Goberno Provisional, do 15 de outubro de 1843, establecía o Regulamento Orgánico das Escolas Normais de Instrucción primaria, co correspondente Programa de estudos (Cadro 1). A publicación deste primeiro Regulamento contribuíu a acelera-la fundacións das Normais pola xeografía española.

CADRO 1

PLANO DE ESTUDIOS DE 1843

Asignaturas	1º Curso	2º Curso
Materias necesarias		
• Relixión e Moral	x	x
• Lectura e escritura	x	x
• Gramática castelá	x	x
• Aritmética e as súas aplicacións, cun coñecemento xeral das principais moedas, pesas e medidas que se usan nas diferentes provincias de España	x	x
• Elementos de Xeografía e Historia, sobre todo as de España	x	x
• Principios xerais de educación e métodos de ensinanza, coa súa práctica na escola de nenos	x	x
Materias de adorno		
• Principios de Xeometría coas súas aplicacións ós usos comúns da vida e das artes industrias	x	x
• Debuxo lineal	x	x
• Nocións de Física e Química e Historia Natural indispensable para ter un coñecemento xeral dos fenómenos do Universo, ou facer aplicacións ós usos máis comúns da vida	x	x
• Leves nocións de Retórica, Poética e Literat. españ.	x	x

Fonte: Melcón Beltrán, 1992, p. 355

No Regulamento, como leva destacado Narciso de Gabriel (1993, pp. 141-142), sinalábase de forma específica que o carácter desta ensinanza tiña que ser esencialmente popular; formar mestres, e máis que todo, mestres de aldea. Non se ía máis alá. Entendíase que outro tipo de coñecementos era un luxo que incluso podía altera-la armonía social. Esa era a concepción que os nosos liberais tiñan da educación popular. Os mestres practicamente só debían saber o que tiñan que ensinar. De aí que os planos de estudos das Escolas Normais reproducían, no fundamental, o propio currículo das escolas primarias.

Tres foron os compoñentes fundamentais na formación dos mestres: o cultural, o pedagóxico e o práctico. O primeiro, por imperativos da escasa formación coa que chegaban os alumnos ás Escolas Normais; o segundo, moi reducido, ó ocupa-la maior parte do tempo a formación cultural; o terceiro, canalizado a través das Anexas, moi descuidado tamén. Impregnando o resto das materias do programa, a Relixión.

• **A diferenciación das Normais en elementais e superiores en 1849**

A comentada redución no número de Normais afectou tamén ós Planos de Estudos. A partir de 1849, dividíanse as Escolas Normais en Elementais e Superiores. No mesmo Real Decreto do 30 de marzo de 1849, presentado polo Ministro de Comercio, Instrucción e Obras públicas Juan Bravo Murillo creábase á vez a Inspección de primeira ensinanza, considerada como un corpo específico para controla-la instrucción primaria.

O Regulamento de 15 de maio de 1849 sinalaba (art. 28) que ás Escolas Normais podían concorrer distintos grupos de alumnos. Había alumnos externos e internos (os internos podían ser pensionistas ou pensionados). Aspirantes a mestres de instrucción primaria, alumnos libres, aqueles que, sen dedicarse ó Maxisterio, desexasen adquirir coñecementos subministrados na Normal, e mestres xa establecidos que quixesen perfecciona-la súa formación. A duración dos estudos, logo dun exame de ingreso, era de tres anos; dos para mestre elemental e un máis para mestre superior.

A ensinanza constaba das seguintes partes: Asistencia á cátedra, con leccións de hora e media, divididas en dúas seccións (explicacións e exercicios ou conferencias sobre as leccións anteriores); exercicios na escola práctica, para aprender e aplicar métodos de ensinanza; exercicios caligráficos; prácticas de agricultura, horticultura e cría de animais domésticos na horta do establecemento, clases de debuxo lineal; estudio e repaso na sala correspondente. Estas tarefas ocupaban 8 horas diarias nas Escolas superiores e 6 nas elementais (De Guzmán, 1986, p. 83).

• **A chegada da Lei Moyano e o Plano de Estudos de 1858**

En 1853 elaborouse outro programa de estudos, onde podemos destaca-la presenza da Pedagogía, que figura con esta denominación nos estudos elementais de mestre. Catro anos despois, coa Lei Moyano de 1857 -na que se produciu unha importante redución nos estudos pedagóxicos-, o art. 68 concretaba os estudos necesarios para obte-lo título de Mestre de primeira ensinanza elemental. Os dous arts. seguintes (69 e 70) facían referencia, respectivamente, ó requerido para os títulos superior e normal.

O 20 de setembro de de 1858 díctase nun Real Decreto un “Programa xeral de estudos das Escolas Normais de primeira ensinanza, onde se estruturaban as ensinanzas de grao elemental en

dous anos. Para o grao superior necesitábase un ano máis. Nos exames oficiais do curso 1885/86 mantiña esta estrutura na Escola Normal de Pontevedra (Cadro 2). Este Plano de estudos estivo vixente ata finais do século XIX.

CADRO 2

PLANO DE ESTUDIOS DE 1858

Mestre de primeira ensinanza elemental

Primeiro ano

Doutrina cristiá e nocións de Historia Sagrada
 Teoría e práctica da lectura
 Teoría e práctica da escritura
 Lingua castelá con exercicios de análise, composición e ortografía
 Aritmética
 Principios de Educación e Métodos de ensinanza

Segundo ano

Doutrina cristiá e nocións de Historia Sagrada
 Teoría e práctica da lectura
 Teoría e práctica da escritura
 Lingua castelá con exercicios de análise, composición e ortografía
 Nocións de Xeometría, debuxo lineal e Agrimensura
 Elementos de Xeografía e nocións de Historia de España
 Nocións de Agricultura

Terceiro ano

Doutrina cristiá explicada e Historia Sagrada
 Teoría e práctica da lectura
 Teoría e práctica da escritura
 Lingua castelá con exercicios de análise, composición e ortografía
 Complemento de Aritmética e nocións de Álgebra
 Elementos de Xeometría, Debuxo lineal e Agrimensura
 Elementos de de Xeografía e Historia
 Prácticas de Agricultura
 Coñecementos comúns de ciencias físicas e naturais
 Nocións de industria e comercio
 Pedagogía

Fonte: Porto Ucha , 1994, p. 66

• **Os primeiros Planos de Estudos para Mestras**

Respecto á situación da muller, o art. 114 da Lei Moyano sinala que o Goberno “procurará” que se establezan normais para Mestras para mellora-la instrucción das nenas; e declarará Escolas

modelos, para os efectos do art. 71, as que estime convenientes, segundo os requisitos que sinala o regulamento. Recordemos que o art. 71 requiría para ser mestra de primeira ensinanza:

Primeiro: Ter estudiado coa debida extensión na Escola Normal as materias que abraza a primeira ensinanza de nenas, elemental ou superior, segundo o título a que aspire.

Segundo: Estar instruída en principios de Educación e métodos de ensinanza.

Tamén se admitiría ás mestras con estudos privados, sempre que acreditaran dous anos de prácticas nalgunha Escola modelo.

As fontes consultadas en Galicia ata o momento non nos permiten obter datos moi precisos sobre o particular. En realidade, anque dende finais da década dos corenta se viñan instalando Escolas Normais femininas, seguiron funcionando de forma heteroxénea. Foi a Real Orde do 14 de marzo de 1877 a que intentaría proporcionar uniformidade, dictando un plano que regulaba o funcionamento destes centros en que os estudos se distribuían en dous cursos, un para a ensinanza elemental e outro para a superior. Outra R.O. do 17 de xuño de 1881 ampliaba o grao elemental a dous cursos, equiparándoos ó de mestres.

De acordo co primeiro modelo de Actas que ata o momento temos consultado, e que corresponde ó curso académico 1868/69, as alumnas da Normal de Mestras de Pontevedra tiñan no seu programa as seguintes materias (Porto Ucha, 2002, p. 37):

	Cursos		
	1º	2º	3º
• Doutrina cristiá e nocións de Historia Sagrada	x	x	x
• Teoría e práctica da lectura	x	x	x
• Teoría e práctica da escritura	x	x	x
• Aritmética	x		
• Principios de educación, métodos de ensinanza, nocións de hixiene doméstica e coidado dunha escola	x		
• Gramática castelá		x	x
• Nocións de Xeometría y debuxo lineal aplicado ós labores.	x	x	
• Nocións de Xeografía e Historia de España		x	x
• Labores de costura, bordado e outras propias do sexo	x	x	x

No modelo impreso de actas non figuran as prácticas de ensinanza, que se engaden no apartado “Constitución do estado”, ou ben en “Observacións”, ó final. Hai que subliñar que, aínda que figuran materias de 3º curso, sen embargo ata o ano académico 1881/82 a penas se impartiu. Cada Escola Normal de Mestras redactaba un proxecto orgánico -no que entre outras cuestións se incluía o Programa- polo que se rexía.

• O Plano de Estudos de 1898

Ó longo da Restauración decimonónica os distintos Planos de estudos das Escolas Normais non experimentaron grandes cambios. O abandono e o olvido foron constantes neste periodo, a pesar das denuncias, impulsadas, basicamente, polas asociacións e prensa profesional, polo grupo liderado

por Pedro de Alcántara e pola Institución Libre de Enseñanza, onde sobresaíu o labor de Manuel B. Cossío (De Gabriel, 1993, pp. 143-144).

O 23 de setembro de 1898 aparecía un novo Decreto, reorganizando as Escolas Normais. Con él dábase un novo xiro á ensinanza. Esta reforma do ministro liberal Germán Gamazo, inspirada nas correntes pedagóxicas da ILE, abordaba a formación pedagóxica dos mestres e mestras cunha nova orientación. A partir de 1898, a Pedagogía tomaba peso na formación profesional dos docentes, converténdose nunha materia básica. Xunto a ela, a lexislación escolar, a antropoloxía, a psicoloxía e a teoría da educación así como a didáctica pedagóxica, aparecen no currículo (Melcón Beltrán, 1992, p. 194).

De todos modos, o Plano non supoñía grandes avances respecto á duración dos estudos; é máis, significaba unha certa redución no título elemental, xa que se convertía en dous cursos de catro meses e medio cada un, a comenza o 16 de setembro, e o mesmo día de febreiro, para rematar o 31 de xaneiro e o 30 de xuño, respectivamente. O que si se aumentaba un curso era no grao superior, pasando a dous cursos académicos completos. A idade mínima para acceder á Normal establecíase en 15 anos, despois de ter aprobado un exame de ensinanza superior. O Plano coincide coa graduación da ensinanza nas escolas anexas. Dous anos máis tarde, por Real Decreto de 6 de xuño de 1900, o grao elemental recuperaba os dous cursos completos. Dado o limitado da súa vixencia, non nos extendemos no particular, se ben aparece como positivo o feito de determinar que tódolos mestres (elementais e superiores) tiveran igual formación pedagóxica.

3.2. O período de 1901 a 1936

• Os cambios en 1901

A chegada do novo século coincide cunha serie de cambios e reformas, que afectaron de maneira importante ó campo educativo. No que afecta ás Escolas Normais, como xa comentamos con anterioridade, o 6 de xuño de 1900 aparecía unha modificación, co fin de corrixir algúns puntos da anterior reforma de Gamazo de 1898. Posteriormente, un Decreto do 12 de abril de 1901 regulaba outros aspectos das Escolas Normais; sen embargo, foi o Decreto do 17 de agosto de 1901 o que incorporou as Normais ós Institutos. Segundo o art. 17, as Escolas Normais Elementais e Superiores de Mestras formaban parte dos Institutos, conservando a súa unidade orgánica. Para poder estudar a carreira de mestre elemental era necesario ter 16 anos cumpridos e superar un exame de ingreso. A súa duración era de tres anos.

Os estudos de Mestras elementais verificábanse segundo o plano de estudos elementais de Mestres maila ensinanza de labores (art. 27). Unha vez aprobadas tódalas materias, deberíanse realiza-los exercicios de reválida.

Para estudar a carreira de Mestre superior, unha vez obtido o título elemental, cursaríanse as materias en dous anos e a reválida. O título de Mestre/a superior obtíñase unha vez superada tamén a correspondente reválida. Polo art. 18 quedaba suprimida a clase de mestres normais (impartida na Normal Central). Ó suprimirse dito título, o título de Mestre/a Superior posibilitaba, segundo o art. 24 9 coa conseguinte rebaixa na correspondente categoría) para presentarse a oposicións a Escolas Normais e Inspección de primeira ensinanza.

• O Plano de 1903

Por R.D. de 24 de setembro de 1903 as normais volvían a manter unha certa independencia respecto ós Institutos, aunque algúns deles foron autorizados a continuar no seu labor de formar mestres elementais (De Guzmán, 1986, pp. 126-129). Estamos nos comezos de reinado de Alfonso XIII. Quizais o fortalecemento das Escolas Normais en Europa e os cambios orixinados ó final da rexencia de María Cristina provocaron esta reforma. Polo demais, esta reestructuración levada a cabo polo ministro galego de Pontearreas Gabino Bugallal supuxo un certo retroceso na preparación pedagóxica dos mestres superiores.

A idade mínima para presentarse ó exame era de catorce anos. A duración dos estudos volvía ser de dous anos para o grao elemental e outros dous para o superior. De acordo co art. 8, os estudos do primeiro ano do grao elemental habilitaban para ensinar nas escolas elementais incompletas despois dos dezaioito anos. Este Real Decreto encontrou a súa aplicación cunha Real Orde do 28 de setembro de mesmo ano, á que lle sucederon outras do 9 e do 23 de outubro.

• A reorganización de 1914

No período de 1903 a 1914 houbo algúns cambios, como os contidos na Real Orde do 2 de setembro de 1908 e a Orde da Dirección Xeral do 21 de maio de 1912; mais non afectaron grandemente ó desenvolvemento das Escolas Normais. Si interesa destacar que, coa desaparición do grao normal, en virtude da reforma de 1901, era necesario enche-lo vacío producido na formación do profesorado. Xorde, así, a Escola Superior do Maxisterio (1909), na que se acusan influencias da Institución Libre de Enseñanza, que tamén inspirou outras realizacións de formación do profesorado, tales como a Junta para Ampliación de Estudos e Investigacións Científicas (1907) e o Instituto-Escuela (1918), entre outras.

Estas iniciativas impulsaron a reorganización das normais en 1914, acometida por Francisco Bergamín. Unificouse o título, desaparecendo a diferenciación "elemental-superior". A reforma ía en consonancia cos propios cambios producidos na ensinanza primaria, na que dende 1910 se suprimira a clasificación de escolas contemplada pola Lei Moyano: escolas superiores, elementais completas e incompletas e escolas de temporada.

Un R.D. de 30 de agosto de 1914 establecía a nova reforma (Cadro 3). A partir de entón, habería una titulación única para tódolos mestres e mestras, de calquera aldea ou cidade. Era esta unha antiga aspiración do Maxisterio. Saían, así, favorecidas moitas escolas perdidas en aldeas arredadas e da categoría inferior. Galicia, debido á súa propia configuración física, era un exemplo desta discriminación. Para matricularse era requisito indispensable ter quince anos cumpridos e ter aprobado o exame de ingreso.

CADRO 3

PLANO DE ESTUDIOS DE 1914

Primeiro curso

Relixión e Historia Sagrada
Teoría e Práctica da Lectura
Caligrafía
Nocións xerais de xeografía e Xeografía rexional
Nocións xerais de Historia e Historia da Idade Antigua
Nocións e exercicios de Aritmética e Xeometría
Educación física
Música
Debuxo
Costura (mestras)

Segundo curso

Relixión e Moral
Gramática castelá (primeiro curso)
Caligrafía
Xeografía de España
Historia da Idade Media
Aritmética e Xeometría
Pedagogía (primeiro curso)
Educación física
Música
Debuxo
Bordado en branco e corte de roupa branca (mestras)

Terceiro curso

Gramática castelá (segundo curso)
Xeografía Universal
Historia da Idade Moderna
Álgebra
Física
Historia Natural
Francés (primeiro curso)
Pedagogía (segundo curso)
Prácticas de ensinanza
Corte de vestidos e labores artísticos (mestras)

Cuarto curso

Elementos de Literatura Española
 Ampliación de Xeografía de España
 Historia Contemporánea
 Rudimentos de Dereito e Lexislación Escolar
 Química
 Fisioloxía e Hixiene
 Francés (segundo curso)
 Historia da Pedagogía
 Prácticas de Ensinanza
 Agricultura (mestres)
 Economía Doméstica (mestras)

Fonte: Porto Ucha, 1994, pp. 119-120.

O Decreto afirma que as Escolas normais femininas, ademais de formar mestras, permitían proporcionar ás mulleres unha cultura superior á que se daba na primeira ensinanza. Sinala N. de Gabriel que esa dobre función determinou que os estudos de maxisterio se feminizasen progresivamente, anque a feminización foi anterior á da profesión, o que demostra que un número importante de mulleres acudían ás Normais co único propósito de acadar un certo nivel cultural (De Gabriel, 1993, p. 147). Unha cata efectuada nun traballo sobre os aprobados nos exames de Ingreso polo Plan de 1914 (1914-1931) na Escola Normal de Pontevedra (Porto Ucha, 1994, pp. 130-131) confirma esa maior presenza da muller (Tabla 1).

Tabla 1

CURSO	Aprobados (alumnos)	Aprobadas (alumnas)	TOTAL
1914/15	15 (20.54%)	58 (79.45%)	73 (100%)
1919/20	28 (20.43%)	109 (79.56%)	137 (100%)
1924/25	69 (28.39%)	174 (71.60%)	243 (100%)
1929/30	53 (39.25%)	82 (60.74%)	135 (100%)

Fonte: Elaboración propia, a partir de Porto Ucha, 1994, pp. 130-131

O “Plan Bergamín” destacaba polo seu carácter enciclopédico, fronte a unha preparación pedagóxica casi inexistente (López Martín, 1986, p. 370). Varela e Ortega destacan o feito de que,

contradictoriamente, ó mesmo tempo, esixíase á institución normalista que fora un verdadeiro viveiro de mestres e pedagogos. E tomando cunha certa perversidade a coñecida máxima gineriana de “para tratar con nenos é mester facerse neno”, algún reformador propoñía que o mestre fose á vez mestre e discípulo; xustificábase, así, unha certa infantilización dos futuros mestres e unha ampla tutela exercida sobre él polas forzas vivas, tales como inspectores, alcaldes, sacerdotes ou xefes políticos (Varela e Ortega, 1984, p. 27). A insuficiente preparación pedagóxica e o carácter marxinal dos estudos, acorde co propio carácter que tiña a escola primaria, sitúan ós mestres e mestras no ámbito das clases populares, con exclusión de acceso o *outro* sistema de ensinanza (De Gabriel, 1993, p. 149).

• O Plano Profesional de 1931

Diante das deficiencias do Plano de 1914, lóitase por unha reforma dirixida á especialización profesional, no contexto dunha cultura universitaria, tendo como espello o que acontecía noutros países. Se Luis de Zulueta escribe: “(...) a formación do mestre debe ser esencialmente universitaria”, o propio Cossío abunda ó respecto: “Deamos a tódolos mestres unha mesma educación profesional, dentro ou fóra da universidade, pero universitaria (...)” (López Martín, 1986, p. 370). Non é de estrañar, pois, que, coa chegada da Segunda República, o Decreto Orgánico do 29 de setembro de 1931, coa rúbrica de Niceto Alcalá Zamora, Presidente do Goberno, e de Marcelino Domingo, Ministro de Instrucción Pública e Belas Artes, ó referirse nas consideracións ó Mestre, como artífice da nova Escola, insistía:

“(...) convertido o bacharelato en último grao da cultura xeral, esíxese a plenitude desta cultura para o estudante que ingrese nas Normais. Cómprelle unha firme preparación pedagóxica; para isto se converten as Normais en institucións profesionais. Cómprelle, en fin, para a categoría e a eficiencia científica da profesión, a adquisición de estudos superiores; para que así se cree a Facultade de Pedagogía, abrindo ó mestre as portas da Universidade”.

Xorde, así, o denominado “Plano profesional”, de tan gratas lembranzas para o Maxisterio. Coa entrada en vigor do novo Plano de Estudos (*Gaceta* do 30 de setembro) poderíamos dicir que subsistiron dous Planos máis para o Maxisterio: O do 30 de agosto de 1914, que tiñan que seguir os alumnos con algunha materia aprobado polo dito Plano, e o chamado “Plano de cultura complementaria”, que seguían os alumnos que só tiveran aprobado o ingreso do Plano de 1914. Este Plano de cultura xeral ou complementaria consistía en tres cursos de cultura xeral, equivalente para estes efectos ó Bacharelato; coa aprobación destes púñase ó alumnado en condicións de solicitar examene oposición ó Plano moderno. A verdade é que, agás para os que lograsen superalo examene oposición posterior, este Plano non tiña moito sentido, xa que non se acadaba ningún título. Posteriormente concretaríase en catro anos, con posibilidades de obter o título de mestre.

Pero volvamos ó Plano Profesional. Organizadas as Normais¹¹ en réxime de coeducación, existiría un destes Centros en cada capital de provincia, dous en Madrid e Barcelona e un en Santiago

¹¹ Aunque seguimos mantendo o termo “Escola Normal”, co Plano Profesional da Segunda República as Normais pasan a denominarse “Escolas Normais do Maxisterio Primario”, comúns para ámbolos sexos (coeducación). Lembramos que no Plano de 1914 a denominación, coa correspondente separación de sexos,

de Compostela (art. 3º). A preparación do Maxisterio primario comprendería tres períodos: cultura xeral, formación profesional e práctica docente. Mentres a formación cultural se confiaba ós Institutos, coa esixencia do título de Bachillerato para ingresar nas Escolas Normais (con dezaseis anos cumpridos e un exame-oposición a un número limitado de prazas para os aspirantes dun e doutro sexo), estas centraban a atención na capacitación profesional, cun plano de estudos de tres anos arredor dos seguintes grupos: coñecementos filosóficos, pedagóxicos e sociais; metodoloxías especiais; e materias artísticas e prácticas (art. 7º). Ademais das prácticas durante a carreira, había un período específico de prácticas, no que os alumnos-Mestres eran destinados con esta denominación, e o soldo de entrada, durante un curso completo, a Escolas nacionais da provincia. Posteriormente, coa proposta do Claustro da Normal, os Mestres e Mestras nomeados en propiedade por este procedemento, disfrutarían do soldo de 4.000 pesetas. Algo practicamente impensable, respecto á situación anterior. E mentres os mestres egresados do Plano Profesional non fosen suficientes, os procedentes do Plano de 1914 serían seleccionados por un novo procedemento. Substituíronse, así, as oposicións por uns cursiños de selección profesional que constaban de tres partes: clases, prácticas e leccións de orientación pedagóxica, con eliminación progresiva (selección dos idóneos). Os derradeiros seleccionados por este sistema foron os célebres “Cursillistas do 36”, que sufriron os avatares da Guerra Civil, e ós que se lles fixo xustiza coa chegada da democracia.

Se no regulamento de 1843 se dicía que a Relixión era a única materia indispensable, durante o período republicano a Relixión non figurou no currículo, cunha escola unificada, obrigatoria e laica. Non soamente se esixe unha cultura xeral ampla -o Bacharelato-, senón que, ademais, se incorporan novas materias: Psicoloxía, Fisioloxía e Hixiene, Paidoloxía, Organización Escolar e Cuestións económicas e sociais (Cadro 4).

CADRO 4

PLANO DE ESTUDIOS DE 1931

Primeiro curso

- Elementos de Filosofía
- Psicoloxía
- Metodoloxía das Matemáticas
- Metodoloxía da Lingua e da Literaturas españolas
- Metodoloxía das Ciencias Naturais e da Agricultura
- Música
- Debuxo
- Traballos manuais ou Labores
- Ampliación facultativa de idiomas

era “Escolas Normais de Mestres/as”. Con anterioridade a 1914, tamén separadas por sexos, denominábanse “Escola Normal Elemental de Mestres/as” e/ou “Escola Normal Superior de Mestres/as”.

Segundo curso

Fisioloxía e Hixiene
 Pedagogía
 Metodoloxía da Xeografía
 Metodoloxía da Historia
 Metodoloxía da Física e a Química
 Música
 Debuxo
 Traballos manuais ou Labores
 Ampliación facultativa de idiomas

Terceiro curso

Paidoloxía
 Historia da Pedagogía
 Organización Escolar
 Cuestións económicas e sociais
 Traballos de Seminarios
 Traballos de especialización (párvulos, retrasados, superdotados, etc.)

Fonte: Porto Ucha, 1994, p. 157.

3.3. Da Guerra Civil á Lei Xeral de Educación de 1970

• Os primeiros anos do franquismo e o Plano de 1945

Coa chegada da Guerra Civil (máis ben, incivil), o Plano Profesional continuou soamente para alumnas ata o curso 1938-39, en que deixou de impartirse. No curso 1939/40 déuselle oportunidade de remata-los estudos a todos aqueles alumnos que en 1936, ó remataren o primeiro ano, non poideran continuarlos por imperativos da contenda. Logo, un Decreto do 10 de febreiro de 1940 establecía o denominado Plano de Bachareis-Mestres. Ía dirixido ós alféreces provisionais que, como di Manuel de Guzmán, “foran necesarios na guerra, pero que sobran para a paz, e era forzoso darlles unha colocación” (De Guzmán, 1986, p. 188).

Estamos nos primeiros anos do Franquismo e do conseguinte Nacional-Sindicalismo, con amplas repercusións no terreo escolar. Xa a partir de 1936 iniciárase o proceso de depuración do maxisterio. Referido á formación do profesorado, o retroceso foi total. Despois do referido Plano Bacharelato de 1940 aparece o Plano Provisional de 1942, de transición como o anterior. Ó igual que no Plano de 1914, esíxese soamente a cultura primaria para o ingreso na Escola Normal. Os espazos masculinos e femininos volven estar separados, aínda que a miúdo comparten o mesmo edificio. En “GUIRNALDAS PARA LA HISTORIA”, Costa Rico sinala como unha Orde do 1 de maio de 1939 “cualificaría a coeducación como un sistema antipedagóxico e antieducativo e contrario ós principios do “Glorioso Movimiento Nacional” (Costa Rico, 1990, p. 115). Como di, igualmente, Puga Pereira, nun texto adicado á figura de Ernestina Otero, profesora e Directora da Escola Normal de Pontevedra,

“(...) Todas aquelas experiencias progresistas e innovadoras foran esquecidas, rexeitadas e desprestixiadas: a coeducación, formalmente prohibida; novos plans de estudos con asignaturas como ‘Formación del Espíritu Nacional’ e outras específicas para mulleres como ‘Enseñanza del Hogar’, impartidas por profesores nomeados por F.E.T. y de las J.O.N.S. (...); libros de texto que requerían previa aprobación conxunta das Autoridades Eclesiásticas, do Ministerio de Educación e do ‘Movimiento Nacional’; a volta á tradición que vía na muller a filla, a esposa e a nai, e non a ‘intelectuada pedantesca que intenta en vano igualar al varón en los dominios de la ciencia’ (...); listas interminables de libros reprobados (...) e vaciado de contido noutras asignaturas claves na formación dos mestres” (Puga Pereira, 1992, p. 69).

O 17 de xullo de 1945 aparecía a nova Lei de Educación Primaria. Comeza a época do Nacional-Catolicismo. Unha O.M. do 9 de outubro concretaba as normas de funcionamento dos cursos das “Escolas do Maxisterio”, como fan ser denominadas a partir de entón. Accédese despois dos catorce anos cumpridos e coa esixencia de ter aprobados os catro primeiros cursos do bacharelato. Os estudos desenvolveríanse en tres cursos (Cadro 5). Segundo a referida Lei de 1945, a Igrexa podería organizar tamén Escolas de Maxisterio, que serían reguladas por un Decreto orgánico (art. 62) (MEC, 1990, t. II, p. 667). A partir desta normativa, faría tamén acto de presenza esta modalidade de centros en Galicia, como hemos comentado anteriormente.

CADRO 5

PLANO DE ESTUDIOS DE 1945

Primeiro curso

- Pedagogía xeral
- Psicoloxía xeral e aplicada
- Ampliación e Metodoloxía das Letras: Lingua e Literatura españolas
- Relixión e a súa Metodoloxía
- Cursos prácticos e de especialización
- Caligrafía
- Música
- Agricultura (para homes)
- Labores (para alumnas)
- Educación física e deportes

Segundo curso

- Filosofía da Educación
- Ampliación e Metodoloxía das Letras: Xeografía
- Metodoloxía e Organización Escolar
- Ampliación e Metodoloxía das Ciencias: Física e Química
- Relixión e a súa Metodoloxía
- Cursos prácticos e de especialización
- Música
- Debuxo
- Traballos manuais (para alumnos)
- Labores (para alumnas)
- Educación física e deportes

Terceiro curso

Ampliación e Metodoloxía das Letras: Historia
 Ampliación e Metodoloxía das Ciencias: Xeoloxía e Bioloxía
 Historia da Pedagogía
 Psicoloxía experimental
 Formación do espírito nacional
 Cursos prácticos e especializados
 Música
 Francés
 Iniciación profesional (para alumnos)
 Ensinanzas do Fogar e Iniciación profesional (para alumnas)
 Educació física e deportes

Fonte: Guzmán, 1986, p. 196.

Os alumnos debían seguir obrigatoriamente un curso de especialización profesional entre formación agrícola, industrial ou mercantil; deberían cursar, así mesmo outros dous cursos prácticos, a escoller entre idiomas (francés ou inglés), cantos escolares, ensinanzas artísticas e organizacións escolares. Ademais da ensinanza do fogar, as alumnas elixían obrigatoriamente unha das últimas opcións citadas.

• **A esixencia do bacharelato elemental (1950) e do bacharelato superior (1967)**

En 1950 apareceu un novo Plano de Estudos. Xunto co Plano de 1914, foi dos de maior duración. Esíxese o título de bacharel elemental para o ingreso. Moi semellante ó anterior na práctica, tivo como innovación a obrigatoriedade da asistencia dos estudantes a un campamento ou curso de verán que organizaban o Frente de Xuventudes e a Sección Feminina. Ó amparo da Lei, poderían crearse Escolas de Maxisterio privadas. De acordo co Regulamento, aprobado por Decreto do 7 de xulio de 1950, tódalas escolas se poñían baixo a advocación do Divino Maestro. De acordo coas orientacións a partir da Lei de Educación Primaria de 1945, temos rexistradas as Escolas de Maxisterio de Pontevedra, denominadas entón “Santa Teresa de Jesús” (mestras)¹² e “Concepción Arenal” (mestres). En Ourense, “Padre Feijoo” (mestres) e “Concepción Arenal” (mestras). En Santiago, “López Ferreiro” (mestres) e “Isabel la Católica” (mestras). Na Coruña, “María Pita” e en Lugo, “Santa María”¹³. O crucifixo e unha imaxe da Virxe presidirían as dependencias dos Centros. En cada aula habería, ademais, un retrato do Xefe do Estado (Franco). Ó igual que no Plano de 1945 quedaba sempre a salvo a separación de sexos.

Sobre a cuestión da exclusión dos espazos, Herminio Barreiro lémbra-nos a súa experiencia como alumno de maxisterio na cidade do Lérez por aquelas datas:

¹² ARQUIVO DA ESCOLA NORMAL DE PONTEVEDRA, Escuela del Magisterio “Santa Teresa de Jesús”, *Registro de Posesiones e Ceses del Personal del Centro* (cit. por Porto Ucha, *Op. cit.*, p. 216).

¹³ Datos aportados amablemente por Gerino Calvo Maquieira (no caso das Escolas de Maxisterio de Pontevedra), Alfonso Cid Sabucedo (no caso das de Ourense), Lois Ferradás Blanco (Santiago), J. Luis Iglesias Salvado e María Teresa Prado (A Coruña), e Uxío Otero Urtaza (Lugo).

“A Escola Normal de Pontevedra, nos anos 50, estaba partida pola metade. A ‘metade masculina’ miraba ó Leste e ó Sur. A ‘metade feminina’ miraba ó Norte e ó Oeste. Dábanse mutuamente a espalda, compartindo o mesmo edificio. Aparecían separadas ambas metades por portas seladas, máis que cerradas. A incomunicación era perfecta e estaba celosamente gardada por certos profesores e profesoras que actuaban como gardiáns intransixentes do puritanismo e os ‘bos costumes’ (...) O parque das Palmeras e a Alameda eran o lugar de encontro extrainstitucional. Alí comezábbase a ‘traballar’ o dereito de consorte (...)” (Barreiro Rodríguez, 1990, pp. 37-38).

Respecto ás Anexas -que necesitan igualmente dun estudio histórico¹⁴- levaban o mesmo nome da correspondente Normal, pola dependencia desta. Así, en Pontevedra, “Concepción Arenal” (escola anexa masculina, situada no Colexio Froebel) e “Santa Teresa de Jesús” (feminina, ubicada na rúa Real, fronte á praza do Teucro), antes do traslado a Avda. de Buenos Aires.

En setembro de 1964, en aplicación do Decreto 917/1963, de 25 de abril, producíase a reunificación das Escolas Normais, o que implicaba a existencia dun único Director, anque esta refundición significaba que a ensinanza se seguiría dando “coa absoluta separación a alumnos e alumnas”. Quedaban para Galicia cinco Escolas de Maxisterio estatais: as da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago. A reunificación implicaba tamén un só nome propio. O Ministerio recomendou que se elixise un nome de recoñecido prestixio. A Normal pontevedresa pasa, deste xeito, a denominarse “Aller Ulloa”, na lembranza do grande astrónomo de Lalín¹⁵.

Para prácticas escolares, tódalas semanas habería unha clase colectiva co Rexente da anexa. Cada alumno debería asistir como mínimo a dez sesións completas en primeiro curso, quince en segundo e vinte en terceiro, coa correspondente exposición de diarios ou Memorias, facendo uso da escola de prácticas ou dunha unitaria.

En 1966, autorizábase ó Ministerio para regulamenta-las novas Escolas Normais e a establecer un novo Plano, que aparecía en 1967¹⁶. Estas modificacións tiñan como referente a Lei 169/1965, de 21 de decembro, de Reforma da Ensinanza Primaria, e o Texto Refundido da Lei, por Decreto 193/1967, de 2 de febreiro¹⁷. Vólvese ó tradicional nome de “Escolas Normais”, polo que desaparece o anterior de “Escolas do Maxisterio”. O artigo 64 determinaba o sistema docente: acceso ós estudos de Maxisterio directo, co título de Bacharel Superior; escolaridade de dous cursos (Cadro 6), logo unha proba de madurez e un período remunerado de Prácticas. Os alumnos con mellor expediente académico e calificación de prácticas ingresarían directamente no Corpo do Maxisterio Nacional. Continuaban, non obstante, algúns cometidos encomendados ós organismos do Movemento. Así, os “Cursos de Capacitación nas Actividades Xuvenís de Tempo Libre para a obtención do título de Mestre de Ensinanza Primaria”.

¹⁴ Este estudio histórico entendemos que sería de grande interese para o tema das Prácticas Escolares, de plena actualidade.

¹⁵ Os datos relativos ás Anexas e á reunificación da normal pontevedra foron aportados xentilmente no seu día por dona Isabel Martín Moreno, Catedrática de Xeografía e Historia e ex-directora do centro, á que lle agradezo a deferencia.

¹⁶ Decreto do 3 de novembro de 1966, autorizando ó Ministerio para regulamenta-las Escolas Normais. O novo Plano figura nunha Orde do 19 de outubro de 1967.

¹⁷ Véxase Lei 169/65, de 21 de decembro (BOE, 23 de decembro) e Decreto 193/67, de 2 de febreiro (BOE, 13 de febreiro).

O Plano de 1967 entronca dalgún xeito co de 1931. As Escolas Normais volvían a adquirir rango universitario, ó esixirse de entrada o título de Bachiller Superior; a nivel curricular, as “Didácticas de”, que substituían ás anteriores “Metodoloxía de”. Unha vez superada a proba de madurez, os alumnos e alumnas faríanse cargo, durante dous cuatrimestres, dunha escola nacional en período de prácticas cos dereitos económicos que se determinasen. O mesmo sistema de acceso directo ó remata-la carreira, fainos recordar tamén o Plano Profesional da Segunda República.

É verdade que, ó final, a remuneración das Prácticas quedou só nunha cantidade testimonial global de 5.000 pesetas, pero, aínda así, estimable para un estudante daquel tempo. O primeiro período de prácticas era de observación, e no segundo os alumnos facíanse cargo da clase con “plenas atribucións e responsabilidade” (Pozo Pardo, 1988, p. 92). Isto último implicaba algúns riscos. Coa finalidade de mellora-la eficacia e a operatividade das Prácticas, en 1969 organizáronse cursiños paralelos ás mesmas, polas tardes, de seis a oito, uns obrigatorios (Educación Sanitaria, Hixiene Escolar, Material Didáctico e Medios Audiovisuais, Orientación Escolar e Profesional, Administración e Economía da Educación) e outros optativos. Os cursos aparecían divididos en cuatrimestres, con distinto número de horas semanais. As materias cursadas en primeiro e segundo tiñan un tempo menor.

CADRO 6

PLANO DE ESTUDIOS DE 1967

Primeiro curso

Pedagoxía e Historia da Educación
 Psicoloxía xeral e evolutiva
 Didáctica das Matemáticas
 Didáctica das Ciencias Naturais
 Didáctica da Lingua Española e Literatura
 Didáctica da Xeografía e Historia
 Didáctica da Relixión
 Idioma Inglés e a súa didáctica
 Didáctica da Formación do Espírito Nacional
 Debuxo
 Música
 Manualidades e Ensinanza do Fogar
 Prácticas de ensinanza
 Educación física

Segundo curso

Didáctica e Organización Escolar
 Filosofía e Socioloxía da Educación
 Didáctica das Matemáticas
 Didáctica da Lingua Española e Literatura
 Didáctica da Xeografía e Historia
 Didáctica da Física e Química
 Idioma Inglés e a súa didáctica

Didáctica da Relixión
 Didáctica da Formación do Espírito Nacional
 Debuxo
 Música
 Manualidades e Ensinanza do Fogar
 Prácticas de ensinanza
 Educación física

Fonte: Guzmán, 1986, p. 222

3.4. Evolución posterior dos Planos de Estudos

• A integración das Escolas Normais na Universidade

Sabido é que en 1970 se promulgaba a Lei Xeral de Educación, coa aparición da nova Educación Xeral Básica. Os mestres incorporábanse o novo corpo de Profesores de E.X.B., ó que accedían os novos diplomados. Facíase necesario un novo programa de formación do profesorado. As anteriores Escolas Normais convertíanse, desta maneira, en Escolas Universitarias. Segundo o art. 1 do Decreto de 25 de maio de 1972 (BOE, do 7 de xuño), na Universidade de Santiago, integrábanse as Escolas da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago. O Decreto de regulación aparecía o 26 de setembro de 1973, abandonándose o termo “Escola Normal”.

De acordo coa LXE, a educación seguida nas Escolas Universitarias constaría soamente dun ciclo, cunha duración de tres anos (art. 31). E, segundo o espírito da Lei, desaparecía tamén a ensinanza por sexos. Xorde, así, o chamado Plano de Estudos de 1971, remitido dende o MEC pola Inspección Central de Escolas Normais, sen ningunha disposición legal. Con posterioridade, una Orde ministerial do 25 de xuño de 1977, daba directrices para a elaboración dos Planos de estudos, segundo o de 1971, como “indicativo” e “provisional” (De Guzmán, 1986, pp. 230 e ss.).

De acordo coas novas necesidades formativas, aparecen as ensinanzas por especialidades: Filoloxía, Ciencias, Ciencias Humanas, Preescolar e Educación Especial (esta última nunca implantada en Galicia). Os Planos de estudos estruturaríanse en tres cursos, con Materias comúns, especiais e Práctica docente. Para esta, o alumnado debería realizar un período de prácticas, que se situaría -como se indica- “preferentemente no terceiro ano da carreira e ó longo dun cuadrimestre” (De Guzmán, 1986, pp. 161-162¹⁸). A título indicativo sinalábanse no anexo desta Orde de 1977 as áreas das materias que se consideraban fundamentais na elaboración dos planos de estudos, quedando refrendados definitivamente os que se seguían con carácter experimental.

Avanzados os anos oitenta, introdúcense máis cambios, entre eles figura agora a presenza da materia de Organización Escolar, obrigatoria na especialidade de Preescolar e optativa nas demais. Outras materias como a Ética, teñen moito que ver coa propia evolución do sistema educativo, no que afecta ós dereitos constitucionais en materia de ensinanza. As Prácticas Escolares sitúanse no terceiro curso, cunha duración dun trimestre.

¹⁸ Figuran alí as distintas materias, comúns e especiais, das cinco especialidades, de acordo coa Orde do 13 de xuño de 1977 (BOE, do 25 de xuño).

Concluindo...

A partir de 1989, coa aprobación parlamentaria da Lei de Ordenación do Sistema Universitario de Galicia (LOSUGA), nacerían as Universidades de Vigo e A Coruña, o que supón, en verbas de Lois González, “o principal acontecemento da historia universitaria recente de Galicia” (Lois González, 1994, p. 169). A chegada da LOXSE impuxo tamén novos rumbos, que afectaron ós Planos de Estudos dos distintos títulos de Mestre. Aparecen os sete títulos seguintes: Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Especial, Linguas Estranxeiras, Educación Musical, Educación Física e Audición e Linguaxe. Tódolos centros galegos imparten Educación Infantil e Primaria. O reparto afectou ós outros títulos, do seguinte xeito:

- A Coruña. Impártense dende o curso 1994-95 os títulos de Mestre nas especialidades de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Física e Audición e Linguaxe. Os Planos de Estudos foron publicados no BOE, o 24 de abril de 1995.
- Lugo. O Plano de Estudos anterior mantívose ata 1993. Nestas datas empezaron a implantarse os actuais títulos de mestre en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Física e Lingua Estranxeira, conforme ó R.D. 1440/1991, do 30 de agosto (BOE, do 11 de outubro de 1991).
- Ourense. Na Escola de Maxisterio de Ourense impártense as catro especialidades recollidas na Resolución de 15 de novembro de 1993 da Universidade de Vigo (BOE, do 1 de decembro de 1993). Correspóndelle, así, Educación Infantil, Educación Primaria, Linguas Estranxeiras e Educación Especial.
- Pontevedra. Nesta Escola, de acordo coa referida Resolución da Universidade de Vigo, correspóndenlle as especialidades de Educación Infantil, Primaria, Educación Física e Educación Musical.
- Santiago. Na Escola Universitaria de Maxisterio, hoxe integrada na Facultade de Ciencias da Educación, impártense dende o curso 1993-94 os estudos dos títulos de Mestre en Educación Infantil, Primaria, Educación Musical e Linguas Estranxeiras.
- Vigo. Impártense soamente os estudos correspondentes ós títulos de Mestre en Educación Infantil e Primaria.

Á parte das instalacións e dos cambios de edificio, hai que significar en moitos casos a integración das titulacións nun centro único. Houbo reformas nos planos de estudos e novos ensaios para as Prácticas Escolares. A integración no espacio europeo sinalará nun futuro próximo novos e profundos vieiros.

Fontes Documentais

Anuario Histórico-Estadístico-Administrativo de Instrucción Pública. Madrid, Imprenta Nacional, 1874.

ARQUIVO DA ESCOLA NORMAL DE PONTEVEDRA (AENP) (sen clasificar no momento da consulta). Escuela del Magisterio “Santa Teresa de Jesús”. *Registro de Posesiones y Ceses del Personal del Centro* (contén información entre 1930 e 1956).

ARQUIVO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA: Sección *Instrucción Pública*. Mazo 107.

ARQUIVO HISTÓRICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO (AHUS): Sección Libros de Arquivo, A-352, Esc. Normal, 3º *Copiador de Oficios (1849-52)*.

- ARQUIVO HISTÓRICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO: Sección Libros de Archivo, A-353, Esc. Normal, *1º Copiador de Oficios (1852-1858)*.
- ARQUIVO HISTÓRICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO, "Pontevedra. Escuela de Maestras. Antecedentes de la misma", Fondo Xeral/EXB, Caixa 3220.
- Boletín Oficial de Instrucción Pública (BOIP) (1841-1846)*.
- CARDERERA, M. (1886): *Diccionario de Educación y Métodos de Enseñanza*. Madrid, Hernando.
- COSSÍO, M. B. (1897): *La enseñanza primaria en España*. Madrid, Fontanet.
- DÍAZ, V. (1845): *Discurso pronunciado el 1º de septiembre de 1845 por el Sr. D... Gefe Político de la provincia de Pontevedra, en la solemne inauguración del seminario de maestros de la Escuela Normal*. Pontevedra, Imp. Hijos de Vila y C.
- FERRER Y RIVERO, P. (1891): *Tratado de la Legislación de Primera Enseñanza vigente en España*. Madrid, Librería de la Viuda de Hernando.
- GIL DE ZÁRATE, A. (1885): *De la Instrucción Pública en España*. Madrid, Imprenta del Colegio de Sordomudos.
- GONZÁLEZ REGUERAL, S. (1860): *Discurso inaugural leído el 15 de setiembre en el solemne acto de apertura del Curso Escolar de 1860 a 1861 en la Escuela Normal Superior de la provincia, por su Director...* Pontevedra, Imp. de D. Ramón Núñez Pazos.
- LADRÓN DE CEGAMA, F. (1885): *Almanaque del Maestro para 1885*. Madrid, Imprenta y Fundición de Manuel Tello.
- LADRÓN DE CEGAMA, F. (1887): *Anuario de Primera enseñanza*. Madrid, Imprenta y Fundición de Manuel Tello.
- Miralba*. Anuario 1996-97. Vigo, Hijas de Jesús.
- Revista de Escuelas Normales*, vol. 5 (1927).
- FOTOS:
- MINISTERIO DE INSTRUCCIÓN PÚBLICA Y BELLAS ARTES (1925): *Escuelas Normales de Maestros y Maestras. Estado actual de la enseñanza en España*. Madrid, Imprenta de Sordomudos y de Ciegos.

Bibliografía

- BALLARÍN DOMINGO, P. (1987):** *La Escuela Normal de Maestros de Almería (siglo XIX)*. Granada, Universidade de Granada, Excma. Diputación Provincial de Almería.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. (1983):** *Historia Contemporánea de Galicia III*. A Coruña, Gamma.
- BARREIRO RODRÍGUEZ, H. (1990):** "Tres mujeres 'normalistas'. Testimonio e interpretación de una experiencia en Escuela Normal de Pontevedra (1954-1957)", en *Mujer y educación en España 1868-1975*. Santiago, Departamento de Teoría e Historia da Educación, 1990, pp. 36-41.
- CAPEL MARTÍNEZ, R. M. (1986a):** "La apertura del horizonte cultural femenino: Fernando de Castro y los Congresos Pedagógicos en el siglo XIX, en VV.AA., *Mujer y Sociedad en España (1700-1975)*. Madrid, Ministerio de Cultura, Instituto de la Mujer, 1986, 2ª ed.
- CAPEL MARTÍNEZ, R. M. (1986b):** *El trabajo y la educación de la mujer en España (1900-1930)*. Madrid, Ministerio de Cultura, Instituto de la Mujer.

- COSTA RICO, A. (1990):** “GUIRNALDAS PARA LA HISTORIA: La construcción cultural y social del género femenino en la escuela del franquismo”, en *Mujer y Educación en España (1868-1975)*. Santiago de Compostela, Sociedad Española de Historia de la Educación, Departamento de Teoría e Historia da Educación da Universidade de Santiago, pp. 112-119.
- COSTA RICO, A. (1999):** “A Escola Normal Superior de Santiago de Compostela. Antecedentes da súa creación”, *Adaxe*, 14-15, pp. 11-33.
- DURÁN VILLA, F. R. (1990):** “O ensino da Xeografía na Escola Normal de Santiago durante a Segunda República”, *Adaxe*, 6, pp.33-40.
- GABRIEL, N. de (1993):** “Historia de la profesión docente en España”, en NÓVOA, A. e RUIZ BERRIO, J. (Eds.): *A História da Educação em Espanha e Portugal. Investigações e actividades*. Lisboa, Sociedade Portuguesa de Ciências da Educação, pp. 137-156.
- GÓMEZ RODRÍGUEZ DE CASTRO, F., RUIZ BERRIO, J. et al. (1988):** *Génesis de los sistemas educativos nacionales*. Madrid, UNED, 1988.
- GUZMÁN, M. de (1986):** *Vida y muerte de las Escuelas Normales*. Barcelona, PPU.
- Historia de la Educación en España. Tomo II. De las Cortes de Cádiz a la Revolución de 1868*. Madrid, MEC, 1979.
- Historia de la Educación en España. V. Nacional-Catolicismo y Educación en la España de posguerra*. Madrid, MEC, 1990, tt. I e II.
- IGLESIAS SALVADO, J. L. y COTELO GUERRA, Mª. D. (2001):** “Modelos de enseñanza y acreditación del magisterio femenino: La Escuela Normal Superior de Maestras de A Coruña (1880-1898)”, *La acreditación de saberes y competencias. Perspectiva histórica*. XI Coloquio Nacional de Historia de la Educación. Sociedad Española de Historia de la Educación, Universidad de Oviedo, pp. 415-424.
- LOIS GONZÁLEZ, R. (1994):** *A Universidade (1960-1992)*. Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- LÓPEZ MARTÍN, R. (1986):** “El magisterio primario en la dictadura de Primo de Rivera: Notas para su estudio”, *Historia de la Educación*, 5, pp. 359-374.
- LOSADA ÁLVAREZ, D. (1983):** *Análisis y valoración de las Escuelas Universitarias de Formación del Profesorado de EGB de Galicia*. Madrid, UNED (Tese de Doutoramento inédita).
- LOSADA ÁLVAREZ, D. (1984):** “Las Escuelas Universitarias y la formación del profesorado en Galicia”, *Bordón*, 253, pp. 467-478.
- LOSADA ÁLVAREZ, D. (1986):** “La formación de los maestros”, *Adaxe*, 2 (1986), pp. 45-60.
- MARCO LÓPEZ, A. y PORTO UCHA, A. S. (2000):** *A Escola Normal de Santiago de compostela. De Escola Normal Superior a Escola Universitaria (1849-1996)*. Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico de la Universidad de Santiago de Compostela.
- MELCÓN BELTRÁN, J. (1992):** *La formación del profesorado en España (1837-1914)*. Madrid, Centro de Publicaciones del MEC.
- MORENO MEDINA, M. del Valle (1988):** *Historia de la Escuela Normal Masculina de Oviedo*, Oviedo, Unión General de Trabajadores.
- PORTO UCHA, A. S. (1994):** *A Escola Normal de Pontevedra (1845-1940). O contexto curricular e social na formación do profesorado*. Santiago, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.
- PORTO UCHA, A.S. (1990):** “El acceso de la mujer gallega al magisterio primario: La Escuela Normal de Maestras de Pontevedra en el siglo XIX (1860-1901)”, en *Mujer y Educación*

en España (1868-1975). Santiago de Compostela, Sociedad Española de Historia de la Educación, Departamento de Teoría e Historia da Educación da Universidade de Santiago, pp. 493-505.

- PORTO UCHA, A. S. (2002):** "Instituciones para la formación de la mujer. La Escuela Normal Superior de Maestras de Pontevedra: Nacimiento y evolución (1860-1901)", *Innovación Educativa*, 12, pp. 17-46.
- POZO PARDO, A. del (1988):** "Pasado, presente y futuro de las prácticas de enseñanza", en *La Formación Práctica de los Profesores*, Actas del Symposium sobre Prácticas Escolares. Poio (Pontevedra), 21-23 sep. 1987, Santiago, Tórculo, 1988, Vol. I, pp. 53-119.
- PRADO GÓMEZ, A. (1990):** *La Diputación Provincial y los inicios de la instrucción pública en Lugo*. Lugo, Servicio de Publicaciones Diputación Provincial.
- PRADO GÓMEZ, A. (1994):** "Una visión do sistema educativo no primeiro liberalismo: 1842-1868", en *CL Aniversario do Instituto Provincial de Lugo*. Servicio de Publicacións da Excma. Deputación Provincial de Lugo, 1994, pp. 19-53.
- PUGA PEREIRA, M. (1992):** *Ernestina Otero Sestelo, pedagoga*. Sada-A Coruña, Edicións do Castro.
- RUIZ BERRIO, J. (1988):** "Constitucionalismo y Educación en España", en F. Gómez Rodríguez de Castro et alii, *Génesis de los sistemas educativos contemporáneos*, Madrid, UNED, pp. 115-157.
- SÁEZ FERNÁNDEZ, T. (1986):** *La Escuela Normal de Maestros de Valencia. Monografía histórica (1845-1870)*. Valencia, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Valencia.
- VARELA, J. e ORTEGA, F. (1984):** *El aprendizaje de maestro*. Madrid, MEC.
- VEGA GIL, L. (1988):** *Las Escuelas Normales en Castilla y León (1838-1900)*. Salamanca, Armurú.